ANEXO II

RELACIÓN DE INTEGRANTES E SUSCRICIÓN DE COMPROMISOS

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

As persoas integrantes asociadas que se relacionan nesta folla, comprométense a cumprir todos os requisitos legalmente establecidos para a produción integrada segundo as disposicións estatais e autonómicas en vigor e, concretamente, os compromisos derivados da figura do operador, que son:

a) Cumprir as normas de produción integrada e, concretamente, aplicar as condicións previstas nos regulamentos técnicos específicos de produción integrada.
b) Dispor dos servizos técnicos competentes nas técnicas de produción integrada de acordo co previsto no artigo 3º do Decreto 68/2004, do 11 de marzo.
c) Fomentar a formación nesta materia do persoal ao seu cargo que desenvolva tarefas de produción integrada.
d) Dispor, no caso de operadores dedicados á obtención de produtos, dun caderno de explotación oficial onde se anoten todas as operacións levadas a cabo e, no caso de operadores dedicados a outras operacións (manipulación, elaboración, envasado, almacenamento, etiquetaxe ou comercialización), un rexistro das partidas onde, mediante anotacións e documentos, se poida comprobar a orixe, natureza e cantidades de materias primas adquiridas, así como o uso, cantidades e destino dos produtos agrarios expedidos.
e) Obter as producións, tanto vexetais como animais, en unidades de produción ou explotación claramente separadas doutras que non estean sometidas ás normas vixentes en materia de produción integrada.
f) Manipular, elaborar, envasar, etiquetar, almacenar e comercializar por separado, no espazo ou no tempo, as producións obtidas baixo as correspondentes normas de P.I. doutras obtidas por métodos diferentes.
g) Adoptar as medidas adecuadas para asegurar que durante todas as fases de produción e comercialización non poida haber substitución dos produtos elaborados de acordo coas normas de produción integrada por outros que se elaborasen de acordo con outros métodos.
h) Someterse ao mecanismo de control establecido polas entidades de certificación autorizadas.
i) Someterse ás instruccións e controis específicos de supervisión da autoridade competente que corresponda en cada caso.
j) Notificarlle anualmente á entidade de certificación e con anterioridade á data que se determine, o seu programa de produción, detallándoo por parcelas.
k) Adoptar as medidas correctoras que resolvan irregularidades detectadas polas entidades de certificación na produción e comercialización.
l) Facer bo uso do distintivo de P.I.